

ELIXE GALICIA

A Xunta de Galicia lanza o programa Elixe Galicia para impulsar o turismo interno fóra da tempada estival.

Se tes entre 18 e 30 anos, unha familia con fillos menores de idade ou es pensionista e tes máis de 55 anos, elixe unha das nosas rutas como destino e benefíciate de prezos e descontos especiais.

Xa podes realizar a túa solicitude de praza para viaxar en 2021 nunha axencia de viaxes. Nun prazo de 10 días desde a presentación de toda a documentación requirida, o teu axente de viaxes informaráche se es un dos beneficiarios. Nese caso, poderás realizar a reserva da praza. A adxudicación de prazas é por orde de inscrición e ata esgotar as mesmas

QUEN PODE VIAXAR?



**Mozos menores
de 30 anos**

As solicitudes poderán ser individuais ou colectivas.
Existen prazas reservadas para persoas con máis do 33% de discapacidade.
Poderán ir acompañadas doutro/a mozo/a de menos de 30 anos.



**Familias con
fillos menores**

Familias que acrediten a súa condición. Os fillos menores de 3 anos non ocuparán praza. Serán beneficiarios/as os/as fillos/as entre 4 e 18 anos e aqueles que teñan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%. Reservarase un 10% do total para familias numerosas.



Maiores de 55 anos

Xubilados/as ou con pensión de viuvez que sexan maiores de 55 anos. Pensionistas ou perceptores de prestacións ou subsidios de desemprego maiores de 60 anos. Cónxuxes ou parellas de feito dunha persoa beneficiaria do programa. Serán beneficiarios/as os/as fillos/as que teñan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%. Se a persoa solicitante ou algunha persoa que viaxe con ela ten mobilidade reducida ou unha pensión non contributiva debe indicalo na solicitude.

As viaxes realizaranse en provincias distintas ás de orixe.

Os usuarios aboarán o 60% e a Xunta o 40%.

Reserva específica de prazas para: familias numerosas, persoas con discapacidade e persoas con baixos ingresos

DATAS

As viaxes desenvolveranse entre o 30 de maio e o 15 de novembro de 2021, excepto no período comprendido entre o 21 de xuño e o 10 de setembro, pontes e festivos.

SOLICITUDES

O prazo para solicitar prazas vence cando se ocupe a totalidade das mesmas ou ata 15 días antes da última saída.

A aprobación das prazas será por orde de inscrición ata esgotalas.

As solicitudes faranse unicamente a través das axencias de viaxes que tamén serán as que comunicarán se as solicitudes están aprobadas e posteriormente será na mesma axencia onde se deberá efectuar a reserva da praza.

Só poderá presentarse unha solicitude por persoa, ano e programa.

MEDIDAS ANTI-COVID

Manexo responsable de equipaxes: manexaranas unicamente o guía e o chofer para evitar aglomeracións no autocar. Medición diaria de temperatura por parte do guía. Obrigatoriedade de uso de máscaras, haberá máscaras no autocar a disposición de quen a necesite. Xel hidroalcohólico no autocar. Selección de provedores con medidas específicas anti-covid. Algunhas visitas poderán ser modificadas para adaptarse ás medidas sanitarias de cada momento e localidade.

MODALIDADES A ESCOLLER

1. RUTAS DE PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURA

- Duración de tres días (2 noites)
- Pensión completa (preferiblemente fins de semana para mozos e familias)
- Hoteis de 2 estrelas ou superior
- Inclúe servizos de guía acompañante e visitas a lugares de relevancia histórico-artística

Historia e cultura:

	T. Baixa	T. Media	T. Alta
Prezo a pagar polo usuario		129€	
PVP Total praza*	183€	201€	219€

*A diferenza será asumida pola Xunta de Galicia

Suplemento single 99€

2. RUTAS DE NATUREZA E MONTAÑA

- Duración de tres días (2 noites)
- Pensión completa (preferiblemente fins de semana para mozos e familias)
- Hoteis de dúas estrelas ou superiores ou aloxamentos rurais
- Inclúe excursións ou actividades de sendeirismo ou turismo activo, así como servizo de guía acompañante especializado

Natureza e montaña

	T. Baixa	T. Media	T. Alta
Prezo a pagar polo usuario		129€	
PVP Total praza*	187€	205€	223€

*A diferenza será asumida pola Xunta de Galicia

Suplemento single 99€

3. VACACIÓNS EN ZONAS COSTEIRAS

- Duración de 5 días (4 noites)
- Pensión completa
- Hoteis de 3 estrelas ou superior
- Inclúe visitas ou actividades adaptadas ao grupo destinatario

Vacacións en zonas costeiras

	T. Baixa	T. Media	T. Alta
Prezo a pagar polo usuario		180€	
PVP Total praza*	234€	292€	322€

*A diferenza será asumida pola Xunta de Galicia

Suplemento single 135€

4. ESTADÍA EN BALNEARIOS

- Duración de 5 días (4 noites)
- Pensión completa
- Hoteis de 2 estrelas ou superior a menos de 20 quilómetros do establecemento de destino
- Inclúe un acceso diario ao balneario de augas minero medicinais, talaso ou establecemento escollido e un mínimo de de dúas excursións ou actividades

Estancias en Balnearios

	T. Baixa	T. Media	T. Alta
Prezo a pagar polo usuario		222€	
PVP Total praza*	326€	362€	404€

*A diferenza será asumida pola Xunta de Galicia

Suplemento single 175€